

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA CINCO DE FEBREIRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día cinco de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.
Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 20150000000004 de don Oscar Canicoba Barreiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de reforma da cuberta con edificación auxiliar, situada en A Torre, 8 –San Xián de Sales (expediente núm.: 2015/U008/000001), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001601300NH44A.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construiranse de acordo co proxecto presentado.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e un euros con corenta e dous céntimos (#91,42#)



2.2.-Instancia númer. 201400000001619 de dona Gloria Castiñeiras Dopazo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Rois, solicita licenza para obras de construcción dun curral doméstico en Recarei -San Cristovo de Merín (expediente númer.: 2014/U008/000021), en solo cualificado no PXOM, como R-2. Rústico de especial protección agropecuaria, cunha superficie construída de 15 m² e para un máximo de 15 galiñas; ocupación inferior ao 20% da parcela neta, planta baixa, altura máxima de cornixa 2,40 m, segundo o proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Fco. Javier Bellett García, cun orzamento de 3.394,82 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001001800NH43E.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado e non se superará o número de animais sinalado no proxecto.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e sete euros con oitenta e nove céntimos (#67,89#)

2.3.- Instancia númer. 20150000000042 de don José Antonio Pedreira Cutrín. (Expte. Número 2015/U018/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca con referencia catastral 15090B502004850001YZ, situada en Sales –San Fins, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) , en cinco parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado pola arquitecta dona Elena Sarmiento Diez.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelación da citada finca nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de 300,00 euros.

Así mesmo, o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.4.- Instancia númer. 20150000000037 de dona Isabel Carril Núñez. (Expte. Número 2015/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para proceder á segregación da parcela númer. 96 do plano de concentración parcelaria da zona de San Fins de Sales e San Andrés de Illobre (Referencia catastral 15090D50200096), situada en Trasariz de Abaixo –Vedra, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



protección agropecuaria (R-2), en catro parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Jesús Estévez Loureiro en calidade de arquitecto.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Trasariz de Abaixo (Vedra), nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidad de douscentos corenta (#240,00#) euros.

Así mesmo, o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.5.- Instancia núm. 20150000000045 de don José Lobato Cabo e dona Laura Cristina Lobato Cabo. (Expte. Número 2015/U018/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á regularización dos lindes en unidade de acto das parcelas núm. 120, e 122-1 e 122-2 da concentración parcelaria de Vilanova-Merín situadas en Outeiro, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para a parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Outeiro, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidad de cento vinte (#120,00#) euros.

Así mesmo o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.6.- Instancia núm. 20150000000050 de dona Cristina Gato Ferro e dona María del Carmen Gato Ferro. (Expte. Número 2015/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que as interesadas, con domicilio en San Xián de Sales, solicitan licenza para proceder á parcelación da finca con referencia catastral 15022000456030, situada en Romarís, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por dona Brigida García Couto en calidade de arquitecta técnica.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Romarís, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidad de 120,00 euros.

Así mesmo, o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.7.- Instancia númer. 201400000001622 de don Carlos Francisco Souto Varela (Expediente prórroga número: 2014/U003/000004).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 26/12/2013 concedeulle licenza para rehabilitación de muro en Paradela- San Xián de Sales (Expediente número 2013/U009/000103), e solicita a concesión dunha prórroga para o remate da obras obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga dun ano para o remate da actuacións obxecto do expediente 2013/U009/000103.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido

3º.- Acordo, se procede, sobre remisión de expediente tramitado ao abeiro da orde do artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Dáse conta do expediente tramitado a instancias de Augas de Galicia, para *Saneamento e depuración nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase I. Vedra. A Coruña* (Expediente: OH.315.1098).

Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 29 de decembro de 2014, durante o que non se presentaron alegacións, e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Provedor/Acredo r	Descripción
0015A002	05/01/2015	2.154,31	Euro Sono Film, S.L.	Desenvolvemento integral dunha App do Concello de Vedra en galego para móbiles (50% restante)
Ticket 339365	23/01/2014	15,60	Acredores diversos	Importe da acreditación emitida por <i>Feria de Madrid (IFEMA)</i> para asistencia da Alcaldía a <i>FITUR 2015</i>
0202 e 2015-03	21/01/2014	588,80	Acredores diversos	Facturas de restaurante Adega Tito e Ibernishia, SL por



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			comidas e entradas do viaxe da terceira idade a Ourense o 21/01 con achegas dos participantes
RC/15- 4578	12/01/2015	281,95 Femp	Cota de asociado do concello de Vedra ano 2015
P 500.127	21/01/2015	250,00 Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes xaneiro
65	31/12/2014	108,90 Novoa Rey M ^a Dolores	Impartición curso de trapiño mes decembro/2014
2	27/01/2015	1.573,00 Rey Canicoba Juan M.	Traballos de pintura realizados nos campos de fútbol de San Mamede e Santa Cruz
Y61647	23/01/2015	543,04 Staples Productos de Oficina, S.L.U.	Material de oficina subministrado en xaneiro
9711/2767/ 2423/8709	27/01/2015	83,25 Acredores diversos	Tíckets de Eroski por produtos para o servizo de madrugadores mercados durante o mes de xaneiro
15/010	26/01/2015	1.590,34 Arrestora Consultores, S.L.	Desenvolvemento do programa UP+: <i>Emprendemento e dinamización de negocios/empresas locais</i> (cota 1 de 3)
840140193	17/01/2015	355,22 Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas das oficinas xerais e servizos sociais mes xaneiro
005/2015	29/01/2015	332,75 Etnoga Patrimonio Cultural, S.L.	Materiais didácticos sobre o <i>Entroido dos Xenerais da Ulla</i> para educación infantil e primaria
5 FRAS. DEC/2014	11/12/2014	1.719,49 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro a alumeados públicos en Dozar, Fufín, Sol e Ponte Ulla mes novembro (IP: OAE200474_0132)
FE143211 61703480	11/12/2014	42,43 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela mes novembro/2014 (IP: OACE00474_0132)
FE143211 61820135	11/12/2014	578,67 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol meses outubro e novembro de 2014 (IP: OACE00474_0132)
FE143211 61703477	11/12/2014	310,23 Gas Natural Servicios SDG	Subministro á gardería municipal mes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		S.A.	novembro/2014 (IP: 03B200472_0132)
FE143211 63376386	29/12/2014	602,88 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede do 31/10/2014 ao 17/12/2014 (IP: 03B200472_0132)
FE143211 63276538	26/12/2014	248,87 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á piscina municipal do 29/10/2014 ao 17/12/2014 (IP: 03B200472_0132)
FE143211 62340925	14/12/2014	1.177,84 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes novembro/2014 (IP: 03B200472_0132)
FE143211 62888359	19/12/2014	570,43 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz do 31/10/2014 ao 17/12/2014 (IP: 03B200472_0132)
FE143211 62340924	14/12/2014	396,46 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial mes novembro/2014 (IP: 03AF00472_0132)
FE143211 62340923	14/12/2014	1.104,88 Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande mes novembro/2014 (IP: 053B00481_0132)
114121149 4055	26/12/2014	62,98 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á oficina de turismo do 30/10/2014 ao 17/12/2014 (Cod. Agrup. 23161)
114111164 5656	01/12/2014	229,50 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra do 31/10/2014 ao 28/11/2014 (Cod. Agrup. 23)
114121130 2126	24/12/2014	160,71 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra do 28/11/2014 ao 18/12/2014 (Cod. Agrup. 23)
3 FRAS. DEC/2014	01/12/2014	162,46 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz do 31/10/2014 ao 28/12/2014 (Cod. Agrup. 23)
114121118 0304	21/12/2014	167,46 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á reitoral de Ponte Ulla do 31/10/2014 ao 18/12/2014 (Cod. Agrup. 1275)
114121142 9746	25/12/2014	385,77 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á lutoteca municipal do 28/10/2014 ao 23/12/2014 (Cod. Agrup. 1275)
7 FRAS.	25/12/2014	605,08 Gas Natural	Subministro a edificios



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



DEC/2014		S.U.R. SDG, S.A.	culturais do 30/10/2014 ao 17/12/2014 (Cod. Agrup.459)
114121139 7590	25/12/2014	105,21 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á nave de Trobe do 29/10/2014 ao 17/12/2014 (Cod. Agrup. 45)
12 FRAS. DEC/2014	25/12/2014	1.090,36 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ás escolas unitarias do 29/10/2014 ao 17/12/2014 (Cod. Agrup.: 425)
2 FRAS. DEC/2014	03/12/2014	22,50 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro do 31/10/2014 ao 18/12/2014 (Cod. Agrup.: 889)
114121138 9221	25/12/2014	170,42 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao punto limpo do 28/10/2014 ao 23/12/2014 (Cod. Agrup.: 889)
FRAS. DEC/2014	01/12/2014	22.658,52 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro aos alumeados públicos municipais meses novembro e decembro/2014 (Cod. Agrup.: 4291)
16	31/01/2015	6.172,30 Ana Naya García. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes xaneiro
15/1	31/01/2015	1.668,29 Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e escolas unitarias prestados en xaneiro
001/15	31/01/2015	1.100,00 Villasenín Iglesias Ruben	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> mes xaneiro
P14/19118	31/12/2014	290,40 La Voz de Galicia, S.A.	Publicación anuncio sobre exposición publica expte. obra Augas de Galicia (Saneamento e depuración en S.Mamede-Sta.Cruz)
EO0008/15	26/01/2015	11.815,65 Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)	Obras complementarias na construcción do aparcadoiro en San Xián de Sales (adxudicadas por R.A. 286/2014, de 8 de agosto)
04/C14-15	31/01/2015	270,00 Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes xaneiro
6	30/01/2015	48,40 Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos de fontanería realizados no local do campo da festa de Trobe en xaneiro
7	31/01/2015	223,85 Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados na calefacción da casa consistorial en xaneiro
1	31/01/2015	1.314,87 Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes xaneiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2015/001	08/01/2015	561,60	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín municipal do mes de xaneiro
2015/005	04/02/2015	561,60	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín municipal do mes de febreiro
2015/004	03/02/2015	151,25	Xestedec Comunicación	Reparación do proxector consistente na substitución do círculo de cores DPL
35 920	30/01/2015	670,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da biblioteca municipal subministrado en xaneiro
35 772	26/01/2015	469,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da casa consistorial subministrado en xaneiro
35 771	26/01/2015	670,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción do centro de saúde subministrado en xaneiro
35 706	23/01/2015	528,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da gardería municipal subministrado en xaneiro
114121137 3329	25/12/2014	113,80	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a biblioteca municipal do 28/10/2014 ao 23/12/2014 (Cod. Agrup.459)

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

5º.- Dar conta da Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro:

Nº Decreto	Data	Asunto
1	02/01/2015	Suspensión contido Resolución do 12/12/2014 ordenando paralización obras en Xián promovidas pola Comunidade de propietarios Fonda de Xián
2	02/01/2015	Adxudicación servizo de educación de adultos 2015
3	05/01/2015	Autorización festas de San Xián de Sales
4	05/01/2015	Ampliación SAF Erundina Rodríguez García
5	07/01/2015	Trienios persoal municipal
6	07/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Ferrán Cambronero y Ana Belén Costosa
7	07/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Raquel Seoane Mera
8	09/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Quián Barreiro
9	09/01/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de familia Tallón Vázquez
10	09/01/2015	Aceptación cesión parcela en Ponte Ulla para destinala a cemiterio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



11	13/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel José Rama Lesta
12	13/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Óscar Suárez Vilas
13	14/01/2015	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo correspondente á vivenda núm. 14 de Argunte -San Mamede de Ribadulla
14	14/01/2015	Cambio titularidade recibos taxas recollida de lixo e sumidoiros correspondentes á vivenda núm. 8 de Eiravedra -Santa Cruz de Ribadulla
15	15/01/2015	Baixa padrón fiscal taxa recollida de lixo da vivenda situada no núm. 1º de Pedreira -Trobe por estado ruinoso e non ser habitable
16	15/01/2015	Concesión praza gardería á menor Antía García Martínez
17	15/01/2015	Cambio titularidade do recibo correspondente á vivenda núm. 11 de Sales -San Fins de Sales
18	15/01/2015	Cambio de titularidade do recibo correspondente á vivenda núm. 27 de Laraño - San Xián de Sales
19	15/01/2015	Nomeamento coordinador seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento Vedra -Xián
20	16/01/2015	Alta no padrón municipal de habitantes de Fernando González Rodríguez
21	16/01/2015	Cambio de domicilio padrón municipal de habitantes de familia Blanco Tato
22	19/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de María Esther Constenla Neira
23	19/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Jesús R. Rodríguez Matías
24	19/01/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Paula Otero Cutrín e fillos
25	21/01/2015	Delegación funcións Alcaldía na Tenente de Alcalde Mª. Jesús Piñeiro Caldelas o 29/01/2015 con motivo da viaxe do Sr. Alcalde a Fitur (Madrid)
26	21/01/2015	Solicitude de subvención investimento en infraestruturas municipais (mellora da pista polideportiva de Santa Cruz)
27	22/01/2015	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de José Manuel Silva Fragoso
28	22/01/2015	Concesión licenza posesión can perigoso
29	26/01/2015	Incoación expediente baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes
30	26/01/2015	Incoación expediente baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes
31	26/01/2015	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento Vedra -Xián
32	26/01/2015	Aprobación expediente contratación obra de Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros do AGADER (Exp. PM14-32132-0179)
33	26/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Ana Carballo Porto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



34	27/01/2015	Solicitud de subvención para caldeira de biomasa (AGADER)
35	27/01/2015	Aprobación axudas fondo social do persoal municipal (ano 2014)
36	27/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Ramón Jorge Touriño Lado
37	28/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes da menor Naiara Casal Mancebo
38	28/01/2015	Solicitud Programa de Inclusión Social (RISGA 2015)
39	28/01/2015	Alta por cambio de residencia de Lucas López Leite
40	29/01/2015	Solicitud subvención Plan de Cooperación 2015
41	29/01/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Juan Carlos López Lareo

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Escrito núm. 145/15 do CEIP Ortigueira.

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos Vázquez, en calidad de Director do CEIP Ortigueira, solicita como vén sendo habitual que o concello poña a disposición dos alumnos/as do colexio dous autobuses para a excursión de fin de curso á Illa de Sálvora o 29 de maio.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Nestes momentos retírase dona Margarita Devesa.

6.2.- Escrito núm. 119/15 de dona Margarita Devesa Cardelle.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada solicita autorización para poder usar o escudo de Vedra nos envases dos seus produtos.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Incorpórase de novo dona Margarita Devesa Cardelle.

6.3.- Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 2 de xaneiro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e a agrupación de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. Estas subvencións son susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG núm. 9/15, do 15 de xaneiro).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ao efecto.

6.4.- Escrito núm. 161/15 do CPI de Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que don José Viaño Rey, en calidade de Director do CPI de Vedra, expón que os alumnos de 4º da ESO realizarán unha viaxe cultural a Cataluña entre os días 2 e 8 de maio, e os de 6º de primaria a Madrid, solicitando unha axuda económica para o financiamento das citadas viaxes.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de 30 euros/alumno que participe na excursión de 4º de ESO e unha axuda de 400 euros para a viaxe dos de 6º de primaria.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.